

Breve relación do contido de cada podcast (guión ou escaleta) e descrición da experiencia de creación de cada arquivo


Título: *A heroica vida de Florencio*

Materia: Valores éticos

Cursos: 2º, 3º e 4º de ESO

Metodoloxía: O punto de partida deste proxecto é a reflexión acerca de que é un heroe. Nas noticias viamos diariamente aos refuxiados da guerra de Ucraína, así como aos combatentes que quedaban a defender o país da invasión. Quen é un heroe? O que queda a loitar ou o que deixa todo? Como sinalou un estudante nunha redacción, “un heroe pode ser un bombeiro, pero tamén os que escapan do lume son heroes”. A partir destas reflexións, achegámonos á figura de Florencio Delgado Gurriarán, quen se exiliou en México por mor da Guerra Civil española. Obtivemos información sobre a súa vida e os seus poemas no libro de Héctor Cajaraville *Florencio Delgado Gurriarán. Polos vieiros da saudade*, do que se inclúen fragmentos no podcast.

O alumnado elaborou unha *escaleta* xigante a modo de mural para poder debater sobre a orde do guión e as músicas e sons que acompañarían a cada fragmento, ademais de establecer os tempos do podcast:



Guión do podcast:

Eu oín falar de moitos heroes, pero nunca os coñecín.

Levan a Cristo por fóra,
levan o demo por dentro;
pregan o Santo Rosario
e andan a matar labregos;

Un heroe pode ser un bombeiro, pero tamén os que escapan do lume son heroes

1936, cando todo cambia de súpeto: o 18 de xullo dese ano prodúcese o golpe de Estado que dará lugar a tres anos de guerra civil e, posteriormente, a unha ditadura de case catro décadas. En Galicia apenas hai enfrontamento bélico, porque dese o primeiro momento o golpe dos sublevados triunfa e os falanxistas toman o poder. O que si houbo foron asasinatos por parte do bando vencedor, que trataba deste xeito de eliminar a todos aqueles que consideraba opostos ao réxime fascista que pretendían instaurar.

Nun primeiro momento, Florencio non é consciente de que a súa vida corre perigo, malia reunir todas as condicións para ser vítima dos falanxistas. Será Lucio, o seu irmán maior, elixido xefe de Falanxe en Córrego, quen lle recomende fuxir.

Córrego é un pobo que está en Galicia, cerca da igrexa de Santa Marta. Florencio naceu o 27 de agosto de 1903.

Veracruz, tamén coñecida como Heroica Veracruz, é unha cidade portuaria da costa do golfo de México.

Miña noiva,
Miña terra:
Á beira do Sil deitada,
para ollar a túa beleza
do mesmo xeito que a "Venus
do espello", nel se contempla. Atotonilco, febreiro,
terra vermella, laranxas.
As ágaves, nas encostas,
están en terza parada.
Van, nun ronsel poeirento,
por mor de salvara ialma,

Pra San Xoán os pelegríns.
E, pola noite, na praza,
hai, nos loureiros das Indias,
concello de chachalacas.

O buque Ipanema foi unha das tres grandes expedicións marítimas de refuxiados españois a México.

O Ipanema sae do porto de Bordeos cara América a mediados de xuño de 1939, con preto de mil refuxiados políticos españois. Son moitos os políticos e intelectuais galegos que viaxan nese barco. Antes do Ipanema, xa partira con destino a México o buque Sinaia, e poucos días despois o México realizará o mesmo percorrido. En total, por esta vía saen máis de 5000 refuxiados españois que cruzaron o Atlántico fuxindo dunha Europa en que se empezaba a xestar unha nova guerra mundial como a que asolara o continente no período 1914-1918.

Sempre nos agarramos a pequenas cousas para seguir vivos; son cousas que non se esquecen e ás veces fan dano.

O a que a algúns lles parece insignificante, para un pode ser a única fonte de ledicia.

Ao fin e ao cabo non precisamos cousas, so a nosa imaxinación.

Para ser feliz soamente se necesita esperanza.

Nós, os humanos, sempre intentamos estar felices. Sempre vemos unha raia de sol na inmensa escuridade.

Malia as estreitezas, a viaxe estaba perfectamente organizada: a toda a pasaxe se lle entregaron toallas e sabas, a comida era de certa calidade e había servizos médicos. Incluso se publicou un xornal chamado Diario de a Bordo, no que se informaba a diario das noticias nacionais e internacionais, das características e costumes do país de destino, do parte meteorolóxico, dos achados e perdas producidos no barco, do menú do día... e mesmo se incluía unha sección de pasatempos, con premios para os que primeiro os resolvesen.

Aquelas mulleres e homes, carentes de todo tipo de pertenzas, comezaban a albiscar deste xeito a posibilidade dunha vida mellor do outro lado do océano.

O barco en realidade non era de pasaxeiros, pero for acondicionado para iso. Lembro cousas emocionantes, como cando nos tocou pasar fronte ás costas galegas. Alí nos reunimos un grupo de galegos, que era dos máis numerosos. Alí cantamos o himno galego e botamos ao mar unha botella cun saúdo ou, mellor dito, cunha despedida.

Heroe é o que ten unha guerra interna consigo mesmo e a pesar de todo vai por aí regalando sorrisos.

En pé, barudos mozos da aldea,

Xa nasce o sol da nosa liberdade;

en pé, rapaces

Recursos:

- Equipo de radio do centro.
- Programa de gravación e edición Audacity.
- Recursos de internet como Youtube e recursos en liña para converter e cortar arquivos de son.
- Héctor Cajaraville, *Florencio Delgado Gurriarán. Polos vieiros da saudade.*

As músicas que se escoitan na gravación foron escollidas polo alumnado e descargadas e cortadas a partir de vídeos aloxados en Youtube:

- [Tchaikovsky, 1812 Overture Full with Cannons](#)
- [Los cantos de aves más hermosos](#)
- [La mas hermosa musica instrumental mexicana](#)

- [Fran Liszt, *Sueño de amor*.](#)

Profesorado:

Arcadio González Nóvoa